



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2020/X999/000503

Ref.:SEC

### MEMORIA PROPOSTA PARA A CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO REGULADOR DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) e co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de aprobación das normas de natureza regulamentaria, substanciase unha consulta pública, por un prazo de quince (15) días hábiles, a través do Portal de Transparencia desta entidade local, integrado na páxina web [aspontes.org](http://aspontes.org), con carácter previo á elaboración do regulamento regulador da administración electrónica no concello das Pontes de García Rodríguez.

Este regulamento debe coordinarse co servizo que presta a Deputación Provincial da Coruña no eido da administración electrónica.

Durante o expresado trámite de consulta pública os cidadáns, organismos e asociacións, que consideren que resultan afectados pola futura norma, poden facer chegar as súas alegacións, achegas ou suxestións –indicando sempre o seu nome e apelidos ou denominación social, mediante correo electrónico dirixido a: [consulta.publica@aspontes.org](mailto:consulta.publica@aspontes.org), verbo dos seguintes aspectos:

- a) Problemas que se pretenden solucionar coa antedita norma.
- b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Obxectivo da norma.
- d) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

As suxestións, achegas e alegacións presentadas que cumpran os expresados requisitos recibirán o xustificante de recepción a través do dito enderezo de correo electrónico.

#### 1.- QUE SE PRETENDE SOLUCIONAR COA INICIATIVA:

A entrada en vigor das Leis 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, estableceu un novo marco de relación entre o concello e a cidadanía, baseado nas potencialidades que as Tecnoloxías da Información e a Comunicación ofrecen. Con este regulamento, preténdese adaptar o funcionamento do concello a este novo marco normativo e definir unha serie de medidas consideradas necesarias con carácter mínimo para a adaptación do funcionamento administrativo electrónico do concello.

Dentro do ámbito do uso e da promoción das tecnoloxías e coa vontade do concello de ser máis próximo á cidadanía e facilitar o uso dos medios e canles favoritas por ela, convén abordar a redacción deste regulamento.

Todas estas actuacións son os eixes articuladores cuxo desenvolvemento permitirá enfrontarse ao reto da Administración totalmente electrónica, garantindo a prestación dos servizos públicos na forma máis eficaz e participativa posible.



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2020/X999/000503

Ref.:SEC

Esta normativa para a reforma das Administracións Públicas:

- Aposta por unha Administración Pública, integramente electrónica, con cero papel e interconectada.
- Facilita as relacións electrónicas das cidadás e cidadáns e as empresas coa Administración, así como as comunicacións electrónicas entre as Administracións.
- Aumenta a transparencia ao crear novos rexistros públicos administrativos.

O regulamento de Administración Electrónica deberá aprobarse polo Pleno do Concello.

Todas estas actuacións son os eixes articuladores cuxo desenvolvemento permitirá afrontarse ao reto da Administración totalmente electrónica, garantindo a prestación dos servizos públicos na forma máis eficaz e participativa posible.

### **2.- POSIBLES SOLUCIÓN ALTERNATIVAS:**

A proposta consiste en adoptar unha regulación sobre a administración electrónica facendo uso da potestade regulamentaria municipal recoñecida no artigo 4.1.a) Lei 07/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A opción de non regulamentar a administración electrónica suporía renunciar a dispoñer dunha norma que desenvolva os preceptos legais aplicables, co que se estima necesario o exercicio daquela potestade regulamentaria.

En canto á alternativa entre regulamento ou ordenanza, non existe unha norma que estableza en que caso procede adoptar un ou outro tipo de disposición, pero véñse considerando que os regulamentos refírense á autoorganización municipal, en tanto que as ordenanzas teñen como finalidade a de ordenar as relacións veciñais. Neste caso, aínda que a disposición tería certa eficacia ad extra, o seu carácter sería fundamentalmente organizativo, polo que parece máis adecuado optar por un regulamento.

En calquera caso, será o Pleno o órgano que aprobe a regulación proposta. En primeiro término porque, en ocasións, dita regulación supoñerá un desenvolvemento das leis 39/2015 e 40/2015 e, en segundo lugar, porque algunhas das normas que se adopten non teñen unha eficacia meramente interna senón que afectarán de forma directa á cidadanía, polo que a seguridade xurídica esixe que se aproben polo órgano que ten atribuída a potestade regulamentaria.

### **3.- NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACION:**

Na actualidade o concello carece de normativa reguladora da administración electrónica, co que é preciso elaborar unha norma que desenvolva os contidos das leis de procedemento anteriormente citadas.

### **4.- OBXECTIVOS DA NORMA:**



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2020/X999/000503

Ref.:SEC

A iniciativa pretende adaptar o funcionamento do concello á nova realidade social e legal, tendo en conta a crecente importancia das novas tecnoloxías no ámbito diario (incluíndo aplicacións móbiles, redes sociais ...) que deben incorporarse progresivamente, nas relacións entre o concello e os cidadáns no seu conxunto, así como nas relacións entre as distintas administracións.

Preténdese así, que xurda unha administración máis próxima, proactiva, dixital e transparente.

Entre outros aspectos, esta norma debe regular a súa aplicación no ámbito do Concello das Pontes das principais figuras do procedemento administrativo electrónico previsto pola Lei 39/2015:

- Sede electrónica e, en particular, o taboleiro electrónico.
- Rexistro electrónico
- Medios de identificación e sinatura electrónica
- Uso de documento e ficheiro electrónico
- Notificación electrónica
- Acción administrativa automatizada

En definitiva, con este regulamento apostase por un concello integramente electrónico, con cero papel e interconectado que facilite as relacións electrónicas das cidadás e cidadáns e as empresas coa Administración, así como as comunicacións electrónicas entre as Administracións públicas.

En vista de todo o exposto, formulo a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.-** Someter a consulta pública previa a elaboración dun regulamento regulador da administración electrónica municipal no concello das Pontes, durante un prazo de 15 días hábiles.

Durante este prazo calquera persoa poderá aportar as suxerencias ou opinións que estime oportunas; así, a modo de exemplo, poderá contestarse ás seguintes cuestións que desenvolve o regulamento:

- Qué opinas sobre a implantación da administración electrónica en xeral para regular as relacións entre o concello e a cidadanía?
- Qué opinas sobre a implantación do expediente electrónico? Pareceche razoable obrigar a recibir as notificacións electrónicas a aqueles que efectúen as súas solicitudes na sede electrónica?
- Estimas que hai algún procedemento que non debería tramitarse electronicamente?
- Qué persoas físicas estimas que deben ser obrigadas a utilizar a sede electrónica nas súas relacións co concello? E entre o persoal que traballa para o concello?



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2020/X999/000503

Ref.:SEC

- Qué opinión che merece a desaparición do taboleiro de anuncios en papel na sede física do concello e a súa substitución polo taboleiro electrónico na sede electrónica?
- Qué opinas sobre a implantación das actuacións administrativas automatizadas (actuacións que xenera o sistema sen intervención de persoas físicas) en relación aos certificados/volantes de empadramento? Qué outras actuacións consideras que se poderían incluír nestas actuacións?

SEGUNDO.- O prazo de consultas comezará a computar a partir do día seguinte ao da publicación desta memoria no portal de transparencia do concello. As suxestións enviaranse ao correo [consulta.publica@aspontes.org](mailto:consulta.publica@aspontes.org).

As Pontes de García Rodríguez, 29 de xaneiro de 2020

A concelleira de Organización Interna e Medios Locais

Lorena Tenreiro Blanco